

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DUN TÉCNICO DE INSERCIÓN LABORAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA TERRITORIO DE EMPREGO 2015-2016.

Na Casa do Concello de Ferrol, sendo as 11 horas do 15 de xullo de 2015 reuniuse a comisión de selección dun técnico de inserción laboral para o desenvolvemento do programa territorio de emprego 2015-2016, composta polos seguintes membros:

- Yolanda Martínez García, Xefa do Servizo Sociocomunitario do Concello de Narón
- Eva Pérez Álvarez, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Cedeira.
- Senén Martínez Prieto, Técnico de xestión económica do concello de Valdoviño.
- Luis Alcalá Baillie, Xerente da Mancomunidade.
- Leopoldo Moure García, Secretario da Mancomunidade.

1. Valoración de Méritos

A seguinte documentación foi requirida aos candidatos preseleccionados polo Servizo Público de Emprego, mediante convocatoria por correo electrónico acompañada das bases que rexen o proceso:

- Síntese de Curriculum Vitae adaptada aos criterios de valoración establecidos nas bases.
- Títulos académicos (soamente títulos de licenciada/o universitaria/o, arquitecta/o, enxeñeira/o, enxeñeiro/a técnico, diplomado/a universitario, arquitecto/a técnico ou grao).
- Documentación acreditativa de experiencia en Programas Integrados para o Emprego ou Programas Experimentais de Emprego. Enténdese por Programas Integrados para o Emprego ou Programas Experimentais de Emprego os proxectos executados ao abeiro da convocatoria de subvencións que a Xunta de Galicia realiza anualmente con estas denominacións. Por experiencia en ditos programas enténdese a dedicación exclusiva como técnico orientador/a responsable do programa. Deberá acreditarse a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia do contrato ou certificado de empresa no que consten as tarefas realizadas.
- Documentación acreditativa de experiencia docente no campo do emprego: busca activa de emprego, inserción laboral, emprendemento-autoemprego e orientación laboral. Deberá acreditarse mediante copias de contratos ou certificados das institucións ou empresas organizadoras da formación que permitan o cómputo de horas impartidas.

Examinada dita documentación aplícanse os baremos establecidos nas bases, resultando as seguintes puntuacións.

Gonzalez Arias, Pedro			
Apartado	Puntos	Uds.	
Titulación académica	2,5		Licenciado en Filosofía y Ciencias de la Educación (Sección Ciencias de la Educación-Pedagogía)
Experiencia en P.I.E.	2	1	
Experiencia docente	4,5	255	Máis de 255
Total	9		

Grandal Campos, José Manuel			
Apartado	Puntos	Uds.	
Titulación académica	2,5		Licenciado en Filosofía y Ciencias de la Educación (Sección Ciencias de la Educación-Pedagogía)
Experiencia en P.I.E.	8	4	
Experiencia docente	4,5	255	Máis de 255
Total	15		

Novo Villasuso, María Soledad			
Apartado	Puntos	Uds.	
Titulación académica	2		Diplomada en relacións laborais
Experiencia en P.I.E.	0		
Experiencia docente	4,5	255	Máis de 255
Total	6,5		

Rodríguez Graña, Beatriz			
Apartado	Puntos	Uds.	
Titulación académica	2,5		Licenciada en psicología
Experiencia en P.I.E.	0		
Experiencia docente	4,5	255	Máis de 255
Total	7		

Sequeiro Graña, Cristina			
Apartado	Puntos	Uds.	
	2,5		Licenciada en ciencias económicas
Experiencia en P.I.E.	4	2	
Experiencia docente	4,06	203	
Total	10,56		

Vázquez Castro, María			
Apartado	Puntos	Uds.	
Titulación académica	2,5		Licenciada en Ciencias da Educación
Experiencia en P.I.E.	2	1	
Experiencia docente	4,5	255	Máis de 255
Total	9		

2. Entrevista

A continuación procédese á realización de entrevistas, nas que se valoraron conforme as bases os seguintes aspectos demostrados pola persoa candidata:

- Coñecemento do mercado laboral, dos sectores emerxentes e do territorio.
- Capacidade para traballar con distintos perfís de usuarios do PIE.
- Capacidade de comunicación.
- Coñecementos de xestión administrativa de programas de emprego.

Os candidatos obtiveron as seguintes puntuacións:

Fase de entrevista	
Candidato/a	Puntuación
Gonzalez Arias Pedro	5
Grandal Campos, José Manuel	5
Novo Villasuso, María Soledad	5
Rodríguez Graña, Beatriz	5
Sequeiro Graña, Cristina	5
Vázquez Castro, María	5

3. Resultado final

De acordo coas anteriores puntuacións, a comisión de selección establece a seguinte orde de prelación de candidatos:

Resultado final: orde de prelación de candidatos				
Posición	Candidato	Méritos	Entrevista	Total
1	Grandal Campos, José Manuel	15	5	20
2	Sequeiro Graña, Cristina	10,56	5	15,56
3	Gonzalez Arias Pedro	9	5	14
4	Vázquez Castro, María	9	5	14
5	Rodríguez Graña, Beatriz	7	5	12
6	Novo Villasuso, María Soledad	6,5	5	11,5

En consecuencia, a comisión de selección propón a contratación de José Manuel Grandal Campos como técnico de inserción laboral para o desenvolvemento do programa *Territorio de emprego 2015-2016*.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as 13 horas do día arriba indicado, do que, como secretario, DOU FE.

O Xerente da Mancomunidade

O Secretario da Mancomunidade

Asdo.: Luis Alcalá Baillie

Asdo.: Leopoldo Moure García